

SUBVENCIONS CO OBXECTO DE IMPLEMENTAR AS CORRESPONDENTES NORMAS UNE QUE CONDUZAN Á CERTIFICACIÓN DA MARCA Q DE CALIDADE TURÍSTICA DO INSTITUTO PARA A CALIDADE TURÍSTICA ESPAÑOLA (ICTE)

CONVOCA

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

OBXECTO

Convocatoria de subvencións a establecementos de turismo rural, hoteis, hoteis-talaso, hoteis-balneario, balnearios, cafetarías, bares, palacios de congresos e empresas dedicadas ao turismo de aventura, actividades de lecer e tempo libre para a implantación das correspondentes normas UNE que conduzan á certificación da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE).

BENEFICIARIOS

Os titulares dos establecementos de turismo rural, hoteis, hoteis-talaso, hoteis-balneario, balnearios, cafetarías, bares, restaurantes, palacios de congresos e empresas dedicadas ao turismo de aventura, actividades de lecer e tempo libre que contén con clasificación turística expedida pola Comunidade Autónoma galega e que estean comprendidos na definición de pequena ou mediana empresa

Requisitos

- Será requisito imprescindible, para a concesión destas axudas, que a empresa solicitante inscriba ou teña inscrita no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT) a actividade turística para a cal se solicita a axuda ou ben que a partir da entrada en vigor o 23 de febreiro de 2010 da modificación operada no artigo 28.4º da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, presentase a declaración responsable de inicio da actividade e o compromiso a que se refire o sinalado artigo.
- O titular que figura no REAT ou, se é o caso, na declaración responsable, ten que coincidir co solicitante e posible beneficiario da subvención para esa actividade en concreto.
- Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.
- As entidades beneficiarias non poderán ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1 letra h) do Regulamento (CE) 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, ás axudas de minimis.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Consideraranse actuacións subvencionables as dirixidas á mellora da calidade turística:

- Procesos de primeira certificación, seguimento e/ou renovación da marca de Calidade Turística Q do ICTE, correspondentes ao presente ano.

Os conceptos obxecto desta axuda son aqueles procedentes de colaboracións externas e servizos asociados aos procesos de certificación cuxos custos sexan soportados directamente polos establecementos:

- Custos de auditoría externa de certificación, seguimento e/ou renovación do sistema, facturados por entidade auditora acreditada polo ICTE para a realización da auditoría de certificación, seguimento ou renovación. Só se terán en conta as xustificacións de gasto con data da auditoría de certificación posterior, quedando excluídos os gastos xerados polo persoal dependentes dos establecementos, así como aqueles gastos nos cales incorra o solicitante durante o proceso de implantación do correspondente sistema de xestión. Os importes obxecto de subvención serán os derivados, exclusivamente, dos custos de auditoría do presente ano 2011.
- Custos derivados dos dereitos de uso da marca Q no ano 2011, unha vez acadada a certificación, seguimento e/ou renovación do establecemento, facturados polo ICTE ao establecemento.

CONTÍA DA AXUDA

.

PRAZO

Ata o 13/07/2011

NORMATIVA

ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a establecementos de turismo rural, hoteis, hoteis talaso, hoteis balneario, balnearios, cafetarías, bares, restaurantes, palacios de congresos e empresas dedicadas ao turismo de aventura, actividades de lecer e tempo libre, co obxecto de implementar as correspondentes normas UNE que conduzan á certificación da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.(DOG nº 112 de 13 de xuño de 2011)

ENLACES

Subvencións a establecementos de turismo rural, hoteis, hoteis talaso, hoteis balneario, balnearios, cafetarías, bares, restaurantes, palacios de congresos e empresas dedicadas ao turismo de aventura, actividades de lecer e tempo libre, co obxecto de implementar as correspondentes normas UNE que conduzan á certificación da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE)